Exame de preguntas de desenvolvemento	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta longa de carácter transrversal na que terá que relacionar diferentes contidos e ideas do temario. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre os 10 do total). Con isto o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecer as técnicas artísticas como resultado dun complexo proceso.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollen á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación dos alumnos a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándolas como propias" (dle-rae).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de □avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo*). Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- BONET CORREA, Antonio, **Historia de las artes aplicadas e industriales en España**, 2ª, Catedra, 2006
BOZAL, Valeriano, **El lenguaje artístico**, 1ª, Península, 1970
CALABRESE, Omar, **El lenguaje del arte**, Reimp., Paidós, 2003
CARMONA MUELA, Juan, **Iconografía de los santos**, Reimp., Akal, 2008
FATÁS, Guillermo, BORRÁS, Gonzalo M., **Diccionario de términos de arte y elementos de arqueología, heráldica y numismática**, 4ª, Alianza, 2012

Bibliografía Complementaria

- CALABRESE, Omar, **Cómo se lee una obra de arte**, Cátedra, 1999
CARMONA MUELA, Juan, **Iconografía cristiana**, 4ª reimp., Akal, 2016
DOERNER, Max, **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, 6ª, Reverté, 2011
MALTESE, Corrado, **Las técnicas artísticas**, Reimp., Cátedra, 2006

MONREAL Y TEJADA, Luis, **Iconografía del cristianismo**, 2ª reimp., Acantilado, 2014

WITTKOWER, Wittkower, **La escultura: procesos y principios**, Reimp., Alianza, 2006

VV.AA., **Diccionario visual de términos de arte**, Reimp., Cátedra, 2015

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndaselle ao alumno a familiarización cun léxico de termos e voces de arte e arquitectura para a comprensión das diferentes disciplinas de Historia da Arte.

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia: Fontes de información en humanidades				
Materia	Historia: Fontes de información en humanidades			
Código	O04G741V01204			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	A materia Fontes de Información en Humanidades permite ao alumnado identificar e coñecer a natureza, función e tipoloxía das principais fontes de información no ámbito das humanidades. Permite tamén coñecer e utilizar os principais instrumentos e recursos de recompilación de información existentes, co fin de elaborar repertorios de fontes de información en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Por último, capacita aos estudantes para utilizar con destreza distintos estilos de citas e referencias bibliográficas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética			
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado			
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía			
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares			
C6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica			
C7	Uso correcto da información xeográfica como instrumento de interpretación dos sistemas territoriais			
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas			
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica			
C30	Coñecemento das principais fontes literarias e documentais da Historia da arte			
C32	Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte			
C34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte			
D1	Capacidade de análise e síntese			
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio			
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento			
D6	Resolución de problemas e toma de decisións.			
D7	Capacidade de razoamento crítico			
D9	Traballo en equipo en diversos contextos			
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos recursos de recompilación e busca de información xerais.	A3 A5	B6	C18	D5
Dominio dos instrumentos de recompilación de información en humanidades.	A3 A5	B6	C7 C18 C23	D1 D5 D9 D11
Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	A4	B6	C23 C34	D4 D5

Contidos**Tema**

1.- Fontes de Información xeral	1.1.- Conceptos e vocabulario básico sobre fontes de información. 1.2.- Fontes de información xeral (formatos e soportes). 1.3.- Transferencia e normalización da información. 1.4.- Fontes de información especializada.
2.- Recuperación de información en humanidades.	2.1.- Necesidades de información e tipoloxía das fontes primarias e secundarias en Historia, Historia da Arte e Xeografía. 2.2.- Recursos para identificar e localizar información en humanidades.
3.- Sistemas de citas e referencias bibliográficas.	3.1.- Normas e estilos de citas e referencias bibliográficas. 3.2.- Xestores bibliográficos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	12	24
Eventos científicos	2	0	2
Resolución de problemas	10	10	20
Traballo tutelado	15	20	35
Resolución de problemas de forma autónoma	6	15	21
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	15	17
Cartafol/dossier	0	20	20
Presentación	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións de aula encamiñadas a tomar contacto co alumnado, presentar a materia e coñecer as súas competencias, motivacións e intereses.
Lección maxistral	Exposicións introdutorias nas que se familiarizará o alumnado coas principais fontes de información, a súa valoración crítica, os recursos de recompilación existentes e a utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Resolución de problemas	Sesións na aula de informática nas que se traballará a procura, selección, recuperación e estilos de citas bibliográficas das fontes de información necesarias para o traballo de curso.
Traballo tutelado	Actividades en grupo nas que se tutelará a realización dun proxecto consistente na procura, selección e valoración das fontes de información necesarias para o estudo dun mosteiro galego.
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballo autónomo do alumnado consistente na realización de cuestionarios e exercicios sobre os contidos da materia a través de Moovi.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Orientación e guía realizada durante a procura de fontes de información a través de recursos electrónicos e a elaboración da memoria, bibliografía e exposición dos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en Moovi).

Resolución de problemas	Orientación e guía realizada durante os exercicios de procura, selección, recuperación e estilos de citas de fontes bibliográficas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en Moovi).
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Orientación e guía para elaborar a valoración das fontes seleccionadas que incluírá bibliografía final e citas ao rodapé. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas de forma autónoma	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios e exercicios sobre os contidos da materia a través de Moovi. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	10	A3 A5	B6 C7 C18 C23 C30	D1 D5 D6 D11
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado examínase dos seus coñecementos sobre os contidos teóricos da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos recursos de recompilación e búsqueda de información xerais. Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas. Comunicación oral e escrita en idioma propio.	40	A4 A5	C18 C23 C30	D1 D4 D5 D7
Cartafol/dossier	O alumnado elaborará en grupo e entregará a través de Moovi un informe coa valoración das fontes de información integradas no traballo de curso que incluírá bibliografía final e citas ao rodapé. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades. Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas. Comunicación oral e escrita en idioma propio.	40	A3 A4 A5	B6 C7 C18 C23 C30 C32 C34	D1 D4 D5 D6 D7 D9 D11
Presentación	Presentación dos resultados obtidos no traballo de curso, na que participarán todos os integrantes do grupo, que serán cualificados de forma individual. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas. Comunicación oral e escrita en idioma propio.	10	A4 A5	B6	D1 D4 D5 D6 D7 D9 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual en Moovi (UVigo), que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de Moovi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándolas como propias" (DLE-RAE).

Para todo o alumnado especificaranse en Moovi as metodoloxías docentes e as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado* da Universidade de Vigo) e serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita (45% da nota final), un traballo obrigatorio que recollerá, valorará e citará as fontes de información necesarias para o estudo dun mosteiro galego (45% da nota final) e será presentado oralmente (10% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALÍ MIRANDA, F., **Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas**, Trea, 1998

BROCOS, J. M.; ORTIZ, C., **■ Métodos de búsqueda en fuentes de información en ciencias sociales y humanidades ■**, Universitat de Barcelona, 2006

ROMANOS DE TIRATELI, S., **Guía de fuentes de información especializadas: humanidades y ciencias sociales**, GREBYD, 2000

AGUILERA ARILLA, M^a J. et al., **Fuentes, tratamiento y representación de la información geográfica**, UNED, 2003

Bibliografía Complementaria

CARRIZO SAINERO, G., **La información en ciencias sociales**, Trea, 2000

Fuentes y documentos para la historia del arte, Gustavo Gili, 1982-1983

CARRIZO SAINERO, G. et al., **Manual de fuentes de información**, Confederación Española de Gremios y Asociaciones d, 2000

CORDÓN GARCÍA, J. A. et al., **Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica**, Pirámide, 1999

LÓPEZ YEPES, J. (coord.), **Manual de ciencias de la documentación**, Pirámide, 2006

LÓPEZ CARREÑO, R., **Fuentes de información : guía básica y nueva clasificación.**, UOC, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xeografía: Fundamentos de xeografía física				
Materia	Xeografía: Fundamentos de xeografía física			
Código	O04G741V01205			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 2	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Álvarez Vázquez, Miguel Ángel			
Profesorado	Álvarez Vázquez, Miguel Ángel de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Correo-e	mianalva@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Materia de formación básica. Trata dos fundamentos teóricos e metodolóxicos cara o coñecemento global dos sistemas naturais, e as súas aplicación no contexto da sociedade. Integra o estudo das propiedades dos principais componentes (relevo, augas, clima, biota), as súas interaccións e configuración nas unidades biofísicas da superficie da terra.			
	Materia do programa #EnglishFriendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A2	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica.
C1	Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da Xeografía física
C3	Coñecemento das claves e desenvolvemento dos espazos xeográficos, (aspectos físicos, humanos, económicos) na súa dinámica socio-territorial
C6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica
C8	Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D15	Sensibilidade a temas ambientais.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso do desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía	A2 B1 C1 D1 D4 D15
Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	A3 B1 C3 D1 A4 D4 D15

Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, A5 B3 C6 D4
e posta en valor para a diversidade e benestar social. C8 D8
D11

Contidos

Tema	
1. Bases teórico-metodolóxicas	1.1 Campo científico da Xeografía Física 1.2 Elementos e escalas
2. Sistemas naturais	2.1 Componentes maiores 2.2 Interaccións dinámicas 2.3 Patrimonio natural
3. Fenómenos de cambio	3.1 Riscos naturais 3.2 Intervención humana

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	15	20	35
Eventos científicos	3	6	9
Saídas de estudo	9	9	18
Prácticas con apoio das TIC	12	12	24
Seminario	2	2	4
Exame de preguntas obxectivas	2	12	14
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Observación sistemática	0	10	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	15	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Toma de contacto docente/alumnado que inclúe presentación da materia, información do nivel de coñecementos do grupo, e introducción aos conceptos fundamentais.
Lección maxistral	Explicación dos contidos e desenvolvemento de acción formativas de razoamento, análise e síntese polo docente no ámbito da teoría da materia.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, debates e xornadas que permiten afondar nos aspectos teórico-prácticos da materia.
Saídas de estudo	Aplicación dos coñecementos a situación concretas, fora do espazo académico, para adquisición de habilidades e destrezas básicas.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación práctica dos coñecementos e de adquisición de habilidades procedementais en relación coa materia, apoiadas no uso das TIC. Adicaranse a orientar ao alumnado na realización do seu traballo autónomo ou en grupo (elaboración e presentación do informe/memoria). Estas actividades estarán encamiñadas á explicación e resolución de exercicios prácticos na aula do curso e na aula de informática.
Seminario	Seguemento e orientación dos contidos teóricos e actividades prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	A atención personalizada consistirá na orientación do nivel de aprendizaxe requirido, a introducción os materiais, a resolución de dúbidas e a explicación da dinámica do desenvolvemento da materia. Modo presencial: seguimento na aula do curso. Modo non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto e plataforma de teledocencia MooVi.
Saídas de estudo	A atención personalizada consistirá no acompañamento e motivación activa na actividade, o desenrolo da capacidade de atención/observación participativa e o apoio para o uso de técnicas ou instrumentos específicos. Modo presencial: seguimento fora da aula. Modo non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto e plataforma de teledocencia MooVi.
Prácticas con apoio das TIC	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución de dúbidas ou problemas dos exercicios e casos prácticos, dirixida cara a elaboración do informe de prácticas. Modo presencial: seguimento na aula do curso e na aula de informática da facultade. Modo non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto e plataforma de teledocencia MooVi.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado realizará un cuestionario razoado, de análise e interpretación dos aspectos relacionados coa temática teórica da Xeografía Física. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso do desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía; Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	20	
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado realizará un cuestionario razoado, de análise e interpretación dos aspectos relacionados coa temática teórica da Xeografía Física. As cuestións plantexadas requiren una resposta estruturada e reflexiva. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso do desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía; Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	40	
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado, valorando aprendizaxes e accións (orde, precisión, destreza, eficacia, participación activa) a través do traballo autónomo en todos os escenarios docentes. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	10	
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado resolverá os problemas e cuestións plantexadas, aplicando os coñecementos para o análise das situacións na aula e fora da aula. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	30	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación da materia contempla dúas modalidades, entre as que o alumnado poderá escoller: **avaliación continua** e **avaliación global**, segundo o establecido no artigo 19.2 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe da Universidade de Vigo (Aprobado no claustro do 18/04/2023, modificado no claustro de 22/12/2023. Versión consolidada), en adiante, Regulamento sobre a avaliación.

A elección da avaliación global correspóndelle ao estudantado, que deberá comunicala no prazo e forma establecidos polo centro. Esta elección supón a renuncia á avaliación continua, tanto ás probas xa realizadas como ás pendentes (art. 19.4 do Regulamento sobre a avaliación).

A **AVALIACIÓN CONTINUA** consiste na realización de probas e actividades distribuídas ao longo do cuadrimestre. Operativamente, divídese en dúas partes: unha parte teórica e outra práctica. A **parte teórica** será avaliada mediante dúas probas parciais realizadas ao longo do curso (exame de preguntas obxectivas e exame de preguntas de desenvolvemento), que suporán o 60 % da cualificación final. A **parte práctica** incluírá a metodoloxía de resolución de problemas e/ou exercicios, e representará o 30 % da nota. O 10 % restante corresponderá á **observación sistemática**, que se avaliará mediante pequenas actividades periódicas ao longo da docencia, co obxectivo de garantir o seguimento continuado da materia por parte do alumnado. Nesta sección inclúense tamén a participación e organización de eventos científicos.

Para superar a materia mediante avaliación continua, **será necesario acadar polo menos o 50 % da cualificación máxima en cada unha das dúas partes (teórica e práctica)**, así como realizar e entregar, en tempo e forma, **un mínimo do 80 % das actividades** incluídas na parte práctica. Ademais, o alumnado deberá participar nas probas que o profesorado considere imprescindibles. No caso de non cumprirse algún destes requisitos, aplicarase o disposto no artigo 32.2 do Regulamento sobre a avaliación, segundo o cal a cualificación final deberá reflectir o máis fielmente posible o rendemento real da/o estudante, sen que sexa posible obter o aprobado.

Tal como recolle o artigo 40.4 do Regulamento sobre a avaliación, o profesorado poderá esixir que os traballos e materiais entregados inclúan unha declaración explícita da súa orixinalidade, acreditando que non se empregaron fontes non citadas adecuadamente. Calquera uso indebido dos materiais ou vulneración dos principios de integridade académica será cualificado cun cero, tanto nos casos en que se copien de forma substancial obras alleas e se presenten como propias, como naqueles traballos que, aínda citando as fontes, consistan nunha simple sucesión de fragmentos alleos sen achega crítica

nin elaboración persoal. Así mesmo, o uso de ferramentas de intelixencia artificial deberá ser responsable, transparente e acorde cos obxectivos formativos da materia; a súa utilización deberá declararse expresamente e nunca poderá substituír o traballo autónomo e reflexivo do alumnado.

Co obxectivo de atender á diversidade do alumnado e facilitar a aprendizaxe en diferentes contextos, particularmente ao alumnado que teña recoñecida a **MODALIDADE SEMIPRESENCIAL**, a materia poderá seguirse tamén a través da plataforma de teledocencia MooVi, onde se porán a disposición recursos e materiais didácticos suficientes para a adquisición das competencias e a superación da materia. Estes materiais non teñen por que reproducir de maneira literal o contido das sesións presenciais. Os materiais docentes facilitados a través da plataforma MooVi teñen como finalidade apoiar o proceso de aprendizaxe do alumnado e deberán empregarse exclusivamente con ese obxectivo. A súa utilización debe respectar os dereitos de autor/a e as condicións de uso establecidas polo profesorado. Non está permitida a súa reprodución, distribución nin comunicación pública, total ou parcial, fóra do ámbito estritamente académico.

A través da mesma plataforma especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación e o calendario correspondente, tanto para as entregas presenciais como para as remotas. O seguimento individualizado da actividade do alumnado levarase a cabo utilizando as ferramentas dispoñibles en MooVi, como os rexistros de participación, as estatísticas de acceso e a realización de probas ou exercicios en liña. En canto ás actividades de carácter transversal, tales como eventos científicos organizados pola Área, o Departamento ou a Facultade, no caso do alumnado que curse a materia en modalidade semipresencial, aquelas que requiran asistencia presencial poderán ser substituídas por outras que permitan manter a mesma porcentaxe na cualificación final.

A **AVALIACIÓN GLOBAL** consistirá nunha **proba teórica**, que suporá o 60 % da cualificación final e abarcará todos os contidos teóricos impartidos durante o curso, e unha **proba práctica**, cun valor do 40 %, centrada nos aspectos traballados nas actividades prácticas, incluídos todos os exercicios realizados durante o cuadrimestre. **Para superar a materia será necesario acadar, como mínimo, o 50 % da cualificación máxima en cada unha destas dúas probas.**

Segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento sobre a avaliación, estas probas realizaranse exclusivamente nas datas oficiais fixadas para cada oportunidade de avaliación, dentro do período de exames marcado no calendario académico. Este calendario, que recollerá as datas, horas e lugares de realización das probas, será aprobado pola Xunta de Centro e publicado antes do inicio do período de matrícula, conforme ao artigo 25.1 do devandito regulamento.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Aguilera, M.J. et al, **Geografía General I. Geografía Física**, 2, UNED, 2020
- Ayala, F. & Olcina, J., **Riesgos naturales**, 1, Ariel Geografía, 2002
- Clifford, N.J. (Coord.), **Key Concepts in Geography**, 2, Sage, 2009
- Gregory, K., **The Earth's Land Surface**, 1, Sage, 2010
- López Bermúdez, F. et al, **Geografía Física**, 1, Cátedra, 1992
- Piqueras, J., **Introducción a la Geografía**, 1, Universitat de València, 2013
- Tarbuk, E. & Lutgens, F., **Ciencias de la Tierra**, 10, Prentice Hall, 2015
- Varios autores, **Guía para la elaboración de estudios del medio físico**, 4, FC del Valle Salazar, 2014
- UNEP, **Environmental Programme Publications & Data**, <https://www.unep.org/publications-data>, Acceso 2022
- EUNIS, **European Nature Information System**, <https://eunis.eea.europa.eu/>, Acceso 2022
- World Meteorological Organization, **Weather-Climate-Water**, <https://public.wmo.int/en/our-mandate/climate>, Acceso 2022
- IPCC, **The Intergovernmental Panel on Climate Change**, <https://www.ipcc.ch/>, Acceso 2022
- Forest Watch, **Forest Monitoring Designed for Action**, <https://www.globalforestwatch.org/?lang=en>, Acceso 2022
- UNESCO, **Lista del Patrimonio Mundial**, <https://whc.unesco.org/es/list/>, Acceso 2022
- GGN, **Global Geoparks Network**, <http://www.globalgeopark.org/>, Acceso 2022

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xeografía: Fundamentos de xeografía humana/O02G251V01201

Outros comentarios

A guía docente describe as liñas xerais da materia e concíbese de forma flexible. Pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase ou polas situacións que poidan xurdir.

Ao longo do curso entregárase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma MooVi, polo que todo o alumnado debe estar dado de alta na plataforma e ter cubertos

os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Linguas estranxeiras para o turismo IA: inglés**

Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IA: inglés			
Código	O04G741V01206			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	de Prada Creo, Elena			
Profesorado	de Prada Creo, Elena			
Correo-e	edeprada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Intensificación e perfeccionamento do idioma inglés, con especial aplicación no sector turístico.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en inglés procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en inglés, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en inglés, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos

Tema	
1. Destinations.	1. Destinations. 1.1. Vocabulary: Weather, climate, features and attractions, statistics for economic development. 1.2. Professional skills: offering advice. 1.3. Grammar: Articles.
2. Things to do.	2. Things to do. 2.1. Vocabulary: Describing attractions, geographical features, activities, works of art, calculating entrance fees and prices. 2.2. Professional skills: Speaking to a group. 2.3. Grammar: Conditional structures with if.
3. Accommodation.	3. Accommodation. 3.1. Vocabulary: Types of accommodation, facilities and services. 3.2. Professional skills: Dealing with complaints. 3.3. Grammar: Modal verbs.

4. Running a hotel.

4. Running a hotel.

4.1. Vocabulary: -ed/-ing adjectives, hotel statistics.

4.2. Professional skills: Making presentations.

4.3. Grammar: Have/get something done.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Aprendizaxe baseado en proxectos	2.5	10	12.5
Lección maxistral	5	2	7
Resolución de problemas	3.75	15.75	19.5
Actividades introdutorias	1.75	1	2.75
Prácticas de laboratorio	7	18.25	25.25
Seminario	1	4	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	Profundización nos contidos dos bloques temáticos complementado co traballo on-line, familiarización cas TICs e desenvolver competencias como o traballo en equipo.
Lección maxistral	Exposición dos contidos fundamentais do curso tanto teóricos como prácticos
Resolución de problemas	Práctica a través de exercicios de distinto tipo nas diferentes destrezas comunicativas tanto na súa faceta receptiva como productiva
Actividades introdutorias	Preparación para a asignatura tanto a nivel gramatical como léxico. Consolidación das principais funcións comunicativas necesarias para o exercicio profesional no sector turístico
Prácticas de laboratorio	Práctica contextualizada das diferentes destrezas comunicativas emulando situacións habituais no desenvolvemento da actividade profesional no ámbito do turismo
Seminario	Traballo en profundidade sobre temas específicos do ámbito turístico cun enfoque profesional no que se poidan poñer a proba as competencias a adquirir na materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa realización dos proxectos da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de realización dos mesmos.
Resolución de problemas	Actividade académica desenvolvida de forma individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa resolución de problemas e ou exercicios da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Actividades introdutorias	Actividade académica desenvolvida na clase, que ten como finalidade presentar a materia e realizar unhas actividades introdutorias, atendendo ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Prácticas de laboratorio	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa realización das prácticas de laboratorio, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización e presentación dun tema	20	
Lección maxistral	Análisis da adquisición de contidos globais presentados nestas sesións	10	

Resolución de problemas	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contenidos xerais do curso	10
Actividades introductorias	Evaluación de competencias comunicativas	5
Prácticas de laboratorio	Realización de exercicios e actividades contextualizadas. Léxico específico	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de exercicios e actividades nas áreas de léxico, gramática, comprensión oral e escrita e produción oral e escrita	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contidos xerais do curso nas principais destrezas comunicativas orales	15

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DAS ACTAS:

O alumnado poderase acoller á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2). O alumnado deberá pór en coñecemento do docente a cal das dúas opcións se acolle.

Recoméndase a avaliación continua, sendo o sistema máis adecuado para a aprendizaxe da materia. Para acollerse á avaliación continua o alumnado deberá entregar o 80% das tarefas programadas e realizar as probas descritas no apartado A.1

O prazo para mudar de avaliación continúa a global é de un mes dende o comenzo do período da docencia.

A Avaliación Global realizarase nas datas oficiais de exame para cada oportunidade de avaliación establecida no calendario académico aprobado pola Xunta de Centro para o curso actual. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

A.1) Avaliación continua

Para acollerse á avaliación continua o alumnado deberá realizar as seguintes probas:

- Speaking (20%): Unha proba que terá lugar nas datas indicadas no cronograma.
- Writing (20%): Unha proba que terá lugar nas datas indicadas no cronograma.
- Listening (10%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.
- Reading (10%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.
- Use of English (40%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.

As datas das probas de avaliación continua serán anunciadas no cronograma publicado na páxina web da Facultade.

Para superar a materia será necesario:

1) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media aritmética das probas escritas: Use of English (40%), Writing (20%), Listening (10%) and Reading (10%).

2) Obter unha nota mínima de 5 na proba de speaking (20%).

Os exames e probas da avaliación continua non realizadas contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación continua. Para a segunda edición das actas (xullo) conservaranse as partes aprobadas da materia: a) parte escrita da materia (incluíndo Use of English, writing, reading e listening) b) parte oral da materia (speaking).

A.2) Avaliación única

O alumnado que non asista ás clases con regularidade nin realice ningunha proba parcial poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final. O exame final escrito terá as seguintes porcentaxes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (10%), Listening (10%).

O examen oral final (só para o alumnado de avaliación final) terá lugar no mesmo día que o exame escrito final e suporá o 20% da nota final.

Para aprobar a materia, será necesaria unha nota mínima de 5 tanto no exame escrito como no exame oral. Os exames de avaliación única non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación única.

A data desta proba de avaliación única da primeira edición das actas será fixada pola facultade e publicada na súa páxina

web. Para a segunda edición de actas (xullo) conservaranse as partes aprobadas: a. exame oral (speaking) ou b. exame escrito (incluíndo use of English, writing, reading e listening).

B) SEGUNDA EDICIÓN DAS ACTAS (Xullo):

O alumnado que suspenda ou non se presente á primeira edición das actas será avaliado na segunda edición en xullo mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba única da primeira edición de actas:

- O exame escrito terá as seguintes porcentaxes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (10%), Listening (10%).
- O exame oral terá lugar no mesmo día que o exame escrito e suporá un 20% da nota final.

Para aprobar a materia, será necesario obter unha nota mínima de 5 tanto no exame escrito como no exame oral. Os exames da segunda edición das actas non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias.

A data desta proba de xullo será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. De non superar a materia en xullo, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores, xa que as partes superadas carecerán de validez para datas posteriores.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Rowe, Anne, Fiona & Borein, John D. Smith, **Travel and tourism : standard level**, Cambridge University Press, 2002

De Prada Creo, Elena, **Travel, Leisure and Socializing for Spanish Speakers**, T&T, 2012

Jones, Leo, **Welcome! : English for the travel and tourism industry**, Cambridge University Press, 1998

Strutt, P., **English for International Tourism, Intermediate**, Pearson Education Limited, 2013

Harding, Keith & Paul Henderson, **High season : English for the hotel and tourist industry**, Oxford University Press, 1995

Strutt, P., **English for International Tourism, Upper intermediate**, Pearson Education Limited, 2013

O'Hara, Francis, **Be my Guest**, Cambridge University Press, 2002

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IIA: Inglés/O04G240V01403

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Inglés para turismo/O04G240V01204

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IB: francés				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IB: francés			
Código	O04G741V01207			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	García Fernández, Manuel Ángel			
Profesorado	García Fernández, Manuel Ángel			
Correo-e	manuelangel.garcia@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición	A materia ten como obxectivo introducir ao alumno a lingua francesa no contexto turístico (nivel A1). xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en francés, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos

Tema	
1. Dar e presentar información sobre si mesmo e presentar un profesional do turismo.	As nacionalidades. Os sectores do turismo. Gramática: O presente do indicativo (1).
2. Falar das cualidades e dos seus gustos. Entender informacións.	As cualidades profesionais. Gramática: xénero e número dos adxectivos cualificativos.
3. Descubrir as profesións do turismo e establecer un cuestionario.	As profesións do turismo. Gramática: o presente do indicativo (2); a interrogación directa.
4. Entender e redactar un mail de petición de prácticas.	A comunicación escrita profesional (1). Gramática: os verbos modais (pouvoir, vouloir, devoir).
5. Identificar os soportes informáticos e contestar a peticións de informacións.	A documentación turística. As preguntas frecuentes. Gramática: os adxectivos demostrativos e posesivos.
6. Entender un desplegable turístico. Propoñer actividades personalizadas.	As actividades turísticas. Gramática: os artigos contractos e partitivos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	1	0	1
Resolución de problemas	11	12	23
Prácticas de laboratorio	4	0	4
Resolución de problemas de forma autónoma	2	27	29
Lección maxistral	4	0	4
Exame de preguntas obxectivas	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	3	3
Práctica de laboratorio	0	4	4
Traballo	0	3	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da asignatura para asesoramento/desenrolo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc).
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Abrírase pequenos debates ao finalizar cada bloque de contidos
Seminario	Consistirá en sesións colectivas sobre dúbidas.
Prácticas de laboratorio	Ofreceráse avaliación retroactiva ao finalizar cada práctica.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	20	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.	20	
Práctica de laboratorio	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia. Estas probas serán orales e escritas	40	
Traballo	Os alumnos deberán realizar un glosario bilingüe correspondente a cada un dos temas da materia.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

